CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981 793 157
correo@irixoa.es

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE VALORACIÓN DE MÉRITOS E CUALIFICACIÓN DA PROBA PRÁCTICA NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DUN/HA PEÓN/A FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DE 22 DE MAIO DE 2026 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS XÓVENES INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.

Asistentes

PRESIDENTE: Úrsula de la Barrera Fernández, empregada pública do Concello de Irixoa.

VOGAL: José Fernando Espada Orgeira, empregado público do Concello de Irixoa.

VOGAL: Elisa Alonso Figueroa, empregada pública do Concello de Irixoa.

VOGAL: Francisco Couceiro Faraldo, empregado público do Concello de Irixoa.

SECRETARIA(con voz e voto): Paula María Suárez Cotelo, empregada pública do Concello de Irixoa.

Na Casa Consistorial do concello de Irixoa, sendo as once horas e trinta minutos do día 6 de outubro de 2026, reúnense as persoas integrantes do Tribunal Cualificador nomeadas para o desenvolvemento e cualificación do proceso selectivo convocado polo Concello de Irixoa para a contratación laboral temporal arriba referenciada, de conformidade coas Bases do proceso aprobadas ao efecto.

Aberta a sesión pola Presidencia, declárase válidamente constituído o Tribunal e faise constar que o procedemento se rexe íntegramente polas Bases, que constitúen a norma reitora do proceso e vinculan á Administración convocante, ao Tribunal e ás persoas participantes, que quedan obrigadas ao seu cumprimento en todos os seus extremos, garantindo o acceso e a selección conforme aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito, capacidade, transparencia e non discriminación, e que a eventual impugnación dos actos do procedemento deberá producirse nos termos legalmente previstos.

Deixase constancia de que, en todo caso, a composición é predominantemente técnica, e que as persoas integrantes actúan con imparcialidade e profesionalidade, facultándose o Tribunal para resolver dúbidas interpretativas e adoptar acordos necesarios para a boa orde do proceso, coa posibilidade de incorporar asesoramento técnico especialista cando resulte imprescindible, todo iso nos termos previstos nas Bases.

1. Candidatos admitidos:

CVD: +EG+8QwbPkUZbPSFZE6d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/

CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981 793 157
correo@irixoa.es

O tribunal toma razón da lista definitiva de admitidos e excluidos: consta un único aspirante, DAVID RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

2. Conforme ás Bases, a selección efectuarase polo **sistema de oposición** consistente nunha proba práctica que se valora con un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar como mínimo cinco (5) puntos para non quedar eliminado/a.

3. **Desenvolvemento da proba:** A continuación, o Tribunal trasládase á zona do polideportivo municipal onde se realiza a fase de oposición, proba práctica, que, segundo as Bases, consiste no manexo da desbrozadora co fin de avaliar coñecementos e pericia no manexo da maquinaria .

Compróbase a identidade do único aspirante que comeza a proba ás 12.15 horas

Concluída a realización da proba práctica, o Tribunal ACORDA outorgar a seguinte puntuación para a proba práctica:

Nome e apelidos	**Proba práctica**
DAVID RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	7

4. Cualificación final do proceso de selección:

_

Nome e apelidos	**Proba práctica**
DAVID RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	7

5.Proposta de contratación

O Tribunal ACORDA a publicación da presente acta no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Irixoa, aos efectos de que os candidatos poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles dende a publicación da acta.

No suposto de non presentarse reclamación/alegación algunha, o tribunal acorda propoñer a DAVID RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, por ser o único candidato presentado e ter superado a fase de oposición.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12.30 horas do día 6 de outubro de 2026, redactándose a presente acta que, como fiel reflexo do acontecido e dos acordos adoptados, é asinada polos membros do tribunal asistentes, para a súa incorporación ao expediente e para os efectos de publicación que procedan.

CVD: +EG+8QwbPkUZbPSFZE6d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/

CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 **Fax** 981 793 157
correo@irixoa.es

Asinan:

A Presidencia do Tribunal
D./D.ª Úrsula de la Barrera Fernández

Vogais
D./D.ª José Fernando Espada Orgeira, empregado público do Concello de Irixoa.

D./D.ª Elisa Alonso Figueroa, empregada pública do Concello de Irixoa.

D./D.ª Francisco Couceiro Faraldo, empregado público do Concello de Irixoa.

A Secretaria do Tribunal
D./D.ª Paula María Suárez Cotelo

CVD: +EG+8QwbPkUZbPSFZE6d Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.irixoa.es/